

Referencia:	2024/11059L
Procedemento:	P2 - Preparación, xestión e adxudicación de contrato
INTERVENCIÓN (5924)	

INFORME

Intervención Xeral

Ref. exp.: 2024/11059L

Asunto: Informe de control permanente en relación co PCAP do expediente de contratación correspondente ao contrato do seguro de accidentes colectivos para o persoal da DPO e dos seus organismos públicos dependentes

INFORME DE CONTROL PERMANENTE

Antecedentes

Primeiro. O 01.08.2024 recíbese nesta Intervención Xeral o encargo núm. 117152, realizado pola Sección de Contratación, de emisión dun informe en relación co prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP en diante) do expediente de contratación correspondente ao [contrato do seguro de accidentes colectivos para o persoal da DPO e dos seus organismos públicos dependentes](#) (exp. núm. 2024/11059L).

Segundo. Do exame do expediente administrativo de referencia, compróbase que obra neste, entre outra, a documentación seguinte:

- a proposta de contratación emitida o 08.07.2024 polo xefe da Sección de Patrimonio e Expropiacións;
- a declaración de ausencia de conflito de intereses;

- a certificación da existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente, por importe de 66.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 91211/22400, expedida por esta Intervención Xeral (documento contable RC núm. 2024000055080), respecto do importe a executar no presente exercicio;
- a providencia de incoación do expediente de referencia, asinada o 01.08.2024 polo presidente da entidade;
- o prego de prescricións técnicas particulares, asinado o 01.08.2024 polo presidente da entidade, que rexerá a execución do contrato correspondente;
- e o PCAP, asinado o 01.08.2024 polo presidente da entidade, que rexerá a contratación referida, como parte integrante do contrato correspondente.

Fundamentos xurídicos

1. Do informe da Intervención Xeral

O presente informe emítese no marco do control financeiro permanente da entidade, de conformidade co disposto no artigo 29 do RD 424/2017, para dar cumprimento ao disposto no artigo 318.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia (LALGA en diante).

2. Da normativa aplicable

Resulta de aplicación no presente caso, ademáis das disposicións anteriormente referidas, a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP en diante), sendo igualmente de aplicación, no tocante ao PCAP, o artigo 67 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RD 1098/2001 en diante).

3. Do PCAP a informar

Como xa se indicou anteriormente, o contrato de referencia, tipificado como contrato privado suxeito a regulación harmonizada, ao abeiro dos artigos 25.1.a).1º e 22.1.b) da LCSP, ten por obxecto a subscripción do seguro de accidentes colectivos para o persoal da DPO e dos seus organismos públicos dependentes, cun orzamento base de licitación de 66.000,00 €/anuais e cunha duración de dous anos, prorrogable por períodos anuais, até un máximo de dúas prórrogas, licitándose mediante procedemento aberto ordinario.

O PCAP obxecto do presente informe foi asinado polo presidente da entidade o 01.08.2024, tendo este atribuída a competencia para a súa aprobación.

Así, tralo análise do PCAP de referencia, cabe concluír que, a priori, este cumpre co contido mínimo preceptuado tanto no artigo 122 da LCSP, como no artigo 67 do RD 1098/2001, polo que, sen prexuízo do informe a emitir pola Secretaría Xeral da entidade, cabe informalo favorablemente.

CONCLUSIÓN

En conclusión, á vista dos antecedentes e dos fundamentos xurídicos expostos:

Infórmase favorablemente o PCAP correspondente ao expediente de contratación do seguro de accidentes colectivos para o persoal da DPO e dos seus organismos públicos dependentes (exp. núm. 2024/11059L).

Ourense, na data da sinatura electrónica

